

**CELSO RODRÍGUEZ PADRÓN, SECRETARIO XERAL DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL,**

**CERTIFICO: QUE O PLENO DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, NA SÚA REUNIÓN DO DÍA DA DATA, APROBOU O INFORME AO PROXECTO DE PLAN DE TRANSPARENCIA XUDICIAL**

**I.**

**ANTECEDENTES**

Por oficio de 6 de xuño de 2005, que tivo entrada no Consello Xeral do Poder Xudicial o día 7 de xuño, o Excmo. Sr. Secretario de Estado de Xustiza, consonte ao establecido no artigo 14.4 da Lei 15/2003, de 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, solicitou deste Consello a emisión de informe sobre o Proxecto de Plan de Transparencia Xudicial.

A Comisión de Estudos e Informes deste Consello, na súa reunión do día 16 de xuño de 2005, designou relator do presente Informe ao Excmo. Sr. Vocal D. Javier Martínez Lázaro, aprobándose o mesmo en ulterior sesión de data 5 de xullo de 2005 para a súa remisión ao Pleno.

**II.**

**ALCANCE DA FUNCIÓN CONSULTIVA DO  
CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL EN RELACIÓN CO PLAN DE  
TRANSPARENCIA XUDICIAL**

O artigo 14.4 da Lei 15/2003, de 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, dispón que o Plan de Transparencia Xudicial será aprobado polo Goberno, a proposta do Ministerio de Xustiza, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Fiscal Xeral do Estado e das

Comunidades Autónomas que asumisen o traspaso de funcións e servizos para a provisión de medios persoais e materiais en materia de xustiza.

Atribúese deste xeito unha específica facultade informadora ao Consello respecto da proposta de Plan de Transparencia Xudicial elaborada polo Ministerio de Xustiza, outorgándolle unha función consultiva especial que, ao igual que a establecida con carácter xeral no artigo 108 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, pode ser entendida en termos amplos. Como foi exposto en anteriores informes, o Consello Xeral do Poder Xudicial veu delimitando o ámbito da súa potestade de informe mediante a diferenciación entre un *ámbito estrito*, cuxo obxecto vén determinado no título legal habilitante – neste caso o artigo 14.4 da Lei 15/2003, de 26 de maio- e un *ámbito ampliado*, auspiciado pola súa natureza de órgano constitucional de goberno do Poder Xudicial (art. 122.2 CE). No ámbito ampliado, o Consello Xeral do Poder Xudicial resérvase a facultade de expresar o seu parecer sobre os aspectos do texto informado que afecten a dereitos e liberdades fundamentais, en razón da súa posición prevalente e eficacia inmediata consonte ao disposto no artigo 53 da Constitución e, con arranxo ao principio de colaboración entre os órganos constitucionais, sobre outros aspectos conectados coa materia tratada no texto a informar, en particular, os atinentes ao grao de afectación das atribucións propias do Consello e das súas relacións cos restantes poderes do Estado, a adecuación do texto ás leis e ao resto do ordenamento xurídico, así como cuestións léxicas e terminolóxicas que poden coadxuvar a un desexable perfeccionamento dos textos consultados.

### III

#### **FORMULACIÓN DO OBXECTIVO DE TRANSPARENCIA XUDICIAL**

O obxectivo de transparencia xudicial fórmulase pola Comisión de Seguimento do Pacto de Estado para a Xustiza a través da Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza, que foi aprobada polo Pleno do Congreso dos Deputados, como proposición non de lei, en sesión celebrada o día 22 de abril de 2002.

A Carta de Dereitos postula no seu apartado primeiro unha Xustiza transparente, e desagrega en varias proposicións dito obxectivo mediante a enunciación dos seguintes dereitos do cidadán:

1.- A recibir información xeral e actualizada sobre o funcionamento dos xulgados e tribunais e sobre as características e requisitos xenéricos dos distintos procedementos xudiciais.

2.- A recibir información transparente sobre o estado, a actividade e os asuntos tramitados e pendentes de todos os órganos xurisdicionais de España. Para isto dispón que o Ministerio de Xustiza, e as Comunidades Autónomas con competencias na materia, así como o Consello Xeral do Poder Xudicial, canalizarán esta información para facilitar a súa consulta no marco dun plan de transparencia.

3.- A coñecer o contido actualizado das leis españolas e da Unión Europea mediante un sistema electrónico de datos facilmente accesible.

4.- A coñecer o contido e estado dos procesos nos que teña interese lexítimo consonte ao disposto nas leis procesuais.

5.- Acceso aos documentos, libros, arquivos e rexistros xudiciais que non teñan carácter reservado.

6.- A que as autoridades e funcionarios expoñan por escrito os motivos polos que se denega o acceso a unha información de carácter procesual.

O obxectivo xeral de transparencia, proclamado nesta Carta, encontra a súa articulación legal no artigo 14 da Lei 15/2003, de 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, que diseña o Plan de Transparencia Xudicial como ferramenta básica das Administracións Públicas e do Consello Xeral do Poder Xudicial para a planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas relativas á Administración de Xustiza e, en particular, para as seguintes finalidades:

- O desenvolvemento do programa legislativo do Estado en materia procesual.
- A planificación orzamentaria en materia de retribucións dos membros da carreira xudicial, así como sobre os recursos humanos e materiais ao servizo da Administración de Xustiza.
- A actualización e modificación da organización xudicial.
- O funcionamento dos servizos de inspección sobre os xulgados e tribunais.

O apartado 2 do precepto establece que o Plan asegurará a dispoñibilidade permanente polas Cortes Xerais, o Goberno, o Consello Xeral do Poder Xudicial e as Comunidades Autónomas de información actualizada, rigorosa e debidamente contrastada sobre a actividade e carga de traballo de todos os órganos xurisdicionais de España, así como sobre as características estatísticas dos asuntos sometidos ao seu coñecemento.

O apartado 3, pola súa banda, di que o Plan facilitará a obtención, tratamento e transmisión dos datos estatísticos a través de tecnoloxías da información avanzadas.

Sobre este particular xa tivo ocasión de pronunciarse o Consello no seu informe ao Anteproxecto de Lei de retribucións, aprobado polo seu Pleno o día 24 de setembro de 2002, ao indicar que a competencia para a administración da plataforma común integradora das tecnoloxías da información avanzadas debía corresponder, en coherencia co acordado en anterior Pleno de data 20 de xuño de 2002, ao propio Consello Xeral do Poder Xudicial, o cal debía manter ademais as competencias atribuídas en materia de Estatística Xudicial, por ser un instrumento indispensable para o exercicio das súas potestades de inspección.

Ademais, o Regulamento do CXPX nº 1/2003, de 9 de xullo, de Estatística Xudicial, proclamaba que, sendo a Estatística Xudicial o principal instrumento de coñecemento da realidade xudicial, e afectando directamente ao goberno do Poder Xudicial, atribuído ao Consello polo artigo 122.2 da Constitución, debía necesariamente recoñecérselle ao propio Consello a xestión daquela, sendo responsable da súa produción, coa colaboración das Administracións Públicas

competentes en medios materiais ao servizo da Administración de Xustiza. A consideración do Consello Xeral do Poder Xudicial como titular e xestor da Estatística Xudicial é consecuencia lóxica da concepción do mesmo como órgano de goberno do Poder Xudicial, atribuíndolle entre outras a función inspectora (apartado II da exposición de motivos do Regulamento 1/2003).

Non obstante, a reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX) operada pola LO 19/2003, de 23 de decembro, optou, máis ben, por articular un novo sistema de Estatística Xudicial que coloca ao Consello en pé de igualdade coas distintas Administracións Públicas, implantando no artigo 461.3 a Comisión Nacional de Estatística Xudicial, que estará integrada polo Ministerio de Xustiza, unha representación das Comunidades Autónomas con competencias na materia, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado; esta Comisión Nacional aprobará os plans estatísticos, xerais e especiais, da Administración de Xustiza e establecerá criterios uniformes e de obrigado cumprimento para todos sobre a obtención, tratamento informático, transmisión e explotación dos datos estatísticos do sistema xudicial español.

Pola súa banda, o artigo 461 declara no seu apartado segundo que a Estatística Xudicial constitúe un instrumento básico ao servizo das Administracións Públicas e do Consello Xeral do Poder Xudicial para a planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas relativas á Administración de Xustiza. Determina, ademais, que no marco dun plan de transparencia, a Estatística Xudicial asegurará a dispoñibilidade permanente e en condicións de igualdade polas Cortes Xerais, o Goberno, as Comunidades Autónomas, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado de información actualizada, rigorosa e debidamente contrastada sobre a actividade e carga de traballo de todos os órganos, servizos e oficinas xudiciais de España, así como sobre as características estatísticas dos asuntos sometidos ao seu coñecemento. Declara igualmente que os cidadáns terán pleno acceso á Estatística Xudicial.

A aprobación do Plan de Transparencia Xudicial compete ao Goberno, a proposta do Ministerio de Xustiza, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Fiscal Xeral do Estado e das Comunidades Autónomas que asumisen

o traspaso de funcións e servizos para a provisión de medios persoais e materiais en materia de xustiza (art. 14.4 Lei 15/2003).

Tamén compete ao Goberno determinar a estrutura, composición e funcións da Comisión Nacional de Estatística Xudicial, mediante Real Decreto, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Fiscal Xeral do Estado, da Axencia de Protección de Datos e das Comunidades Autónomas con competencias na materia (art. 461.3 LOPX).

#### IV.

### **ESTRUTURA E CONTIDO DO PLAN**

O Plan de Transparencia Xudicial componse dunha breve parte introdutoria e cinco grandes apartados, o primeiro dos cales expón as razóns que xustifican a súa presentación.

Declárase que o obxectivo principal do Plan é proporcionar por medios informáticos, tanto aos poderes públicos como á cidadanía, en tempo real, unha imaxe fiel do funcionamento dos órganos xudiciais, a seu volume de traballo, duración dos procesos, disfuncións, custo real do servizo dispensado, estado das súas infraestruturas e medios e nivel de calidade do seu desempeño, entre outros aspectos. Tamén se aspira a conseguir que a Xustiza empregue unha linguaxe comprensible e intelixible nas súas comunicacións co cidadán.

O apartado segundo enuncia os principios que inspiran o Plan, que arraigan no dereito á publicidade do proceso e das actuacións xudiciais, e cuxa realización vaise prover mediante un sistema de Estatística Xudicial, a través da aprobación de plans xerais e especiais no seo da Comisión Nacional de Estatística Xudicial, conforme aos principios de:

- Pertinencia, especialidade e proporcionalidade.
- Uniformidade e fiabilidade.

- Imparcialidade e independencia profesional.
- Secreto estatístico.
- Relación custo/eficacia.

O apartado terceiro do Plan enuncia os seus obxectivos, que pasan por:

- Implantar novos e modernos criterios de xestión do servizo.
- Mellorar o acceso á información sobre a actividade xudicial, tanto para os cidadáns como para os profesionais.
- Contribuír á planificación, desenvolvemento e avaliación de políticas legislativas adecuadas, para o cal é imprescindible dispoñer de datos estatísticos fiables sobre os procedementos máis representativos de cada orden xurisdicional e sobre a incidencia das reformas legislativas na evolución da litixiosidade.

O apartado cuarto do Plan determina os instrumentos necesarios para a consecución do obxectivo de transparencia, que son a Estatística Xudicial, as Tecnoloxías da Información e Comunicacions, as Boas Prácticas Procesuais, os Rexistros da Administración de Xustiza, a Arquitectura Xudicial, a potenciación dos mesmos obxectivos de transparencia no ámbito de actuación do Ministerio Fiscal e do Corpo de Secretarios Xudiciais, a modernización da linguaxe xurídica, o perfeccionamento do sistema de xestión das queixas, reclamacións e suxestións do cidadán e o tratamento estatístico da información procedente do mesmo e finalmente a cooperación xurídica internacional.

No que se refire á Estatística Xudicial, o Plan constitúese no marco necesario para o desenvolvemento dunha nova estatística xudicial, que será o instrumento básico para o seu despregue operativo. Esíxese o abandono de actuacións unilaterais de cada unha das Administracións e poderes implicados, dando paso a unha nova estatística realizada por todos en pé de igualdade.

A este obxectivo responde a constitución da Comisión Nacional de Estatística Xudicial, prevista no artigo 461 LOPX, cuxa xestación regulamentaria,

aínda que corresponde ao Goberno mediante Real Decreto, deberá contar co consenso de todas as Administracións implicadas.

A Estatística Xudicial nutrirase preferentemente dos datos que se obteñan das propias aplicacións de xestión procesual, sen prexuízo da existencia doutras fontes complementarias de información.

Aspírase a que toda a información elaborada pase a nutrir un repositorio único, o Directorio Nacional de Asuntos –DNA- baseado na aplicación Libra/Minerva, é dicir, no modelo de datos da aplicación procesual do Ministerio de Xustiza, o que obrigará a mapear os modelos de datos procedentes das aplicacións procesuais das Comunidades Autónomas para que poidan ser incluídos no citado DNA.

O DNA recollerá de maneira sistemática e comprensiva todos aqueles datos vinculados aos obxectivos do Plan: servizo público, execución do gasto, custos da Xustiza, eficacia da mesma, calidade e custos da non calidade, etc.

Postúlase, como medio necesario para este fin, alcanzar a efectiva compatibilidade dos sistemas informáticos de xestión procesual en uso, para o cal deberán seguirse as normas do Test de Compatibilidade de Aplicacións de Xestión Procesual para a Administración de Xustiza aprobado polo CXPX en xuño de 1999, o establecemento de valores de dominio comúns para o intercambio de datos e a determinación duns mesmos esquemas de tramitación que permitan elaborar estatísticas comparables sobre a vida procesual dos asuntos.

Establécese a necesidade de que os portais do Ministerio de Xustiza, CXPX, Fiscalía Xeral do Estado e Comunidades Autónomas, como vías privilexiadas de comunicación e contacto, se manteñan permanentemente actualizados e permitan nun futuro o acceso dos cidadáns ao coñecemento da lexislación vixente e dos datos estatísticos relacionados coa Administración de Xustiza e o funcionamento dos xulgados e tribunais.

Configúrase como instrumento decisivo a implantación de sistemas de interconexión e intercambio de documentos no proceso, denominados de correo



“securizado” –como o sistema LexNet- que permitan o intercambio de documentos entre os operadores xurídicos e os órganos xudiciais, así como un sistema central de comunicacións, seguro e restrinxido, entre as distintas redes xudiciais territoriais –Punto Neutro Xudicial-.

O Plan fai referencia á necesidade de instaurar boas prácticas en materia de rexistro de procedementos, atribuíndo á Comisión Nacional de Estatística Xudicial a posibilidade de establecer criterios uniformes na materia; considera igualmente a importancia que poden ter os Rexistros da Administración de Xustiza no logro do obxectivo de transparencia e na captación de datos estatisticamente relevantes, así como a disposición arquitectónica dos espazos e salas nos edificios xudiciais para asegurar a efectiva publicidade dos actos xudiciais que se desenvolvan neles.

Faise referencia á introdución do postulado de transparencia no ámbito do Ministerio Público mediante o desenvolvemento do Plan de Modernización Tecnolóxica da Fiscalía Xeral do Estado para establecer un marco uniforme de actuación do Ministerio Fiscal a través de medios informáticos e telemáticos que permitan o intercambio de información intraorgánico -entre Fiscalías- e cos órganos xudiciais. Tamén se fan consideracións de alto interese sobre a implicación da nova estrutura do Corpo de Secretarios Xudiciais –e por extensión, da nova Oficina Xudicial- na realización do obxectivo de transparencia.

En relación coa modernización da linguaxe xurídica, o Plan contempla o compromiso do Goberno de impulsar a Comisión para a Modernización da Linguaxe Xurídica creada por Orde XUS/3126/2003, de 30 de outubro, para a realización do obxectivo dunha xustiza comprensible, tanto nas comunicacións escritas, como en vistas, comparecencias e resolucións xudiciais.

Outro instrumento relevante no Plan é o desenvolvemento do dereito dos cidadáns a formular queixas, reclamacións e suxestións relativas ao incorrecto funcionamento da Administración de Xustiza e a recibir resposta coa maior celeridade e en todo caso no prazo máximo dun mes, tal e como foi recollido na Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza. Actualmente as queixas se tramitan conforme ao Regulamento CXPX 1/1998, de 2 de decembro, e a

Instrución 1/1999. O Plan considera que o estudio e divulgación do contido das queixas, a súa tramitación e resultado sería un instrumento básico na política de transparencia xudicial.

Finalmente, insístease na importancia actual da cooperación xurídica internacional e na necesidade de contar con información fiable e detallada sobre as actuacións de asistencia xudicial postas en práctica no noso país, o que permitirá responder con eficacia e solvencia ás avaliacións que sobre esta materia poidan realizar a Unión Europea, o Consello de Europa e outras organizacións internacionais.

O apartado quinto do Plan contén un estudio analítico dos datos de carácter xeral e relativos a cada órgano xudicial cuxa recollida e publicación é precisa para cumprir os seus obxectivos, correspondente á Comisión Nacional de Estatística Xudicial a inclusión de ditos datos nos plans estatísticos xerais e especiais, así como a determinación dos prazos e modos en que deberá implantarse a obriga de recollida e transmisión dos mesmos.

## V.

### **OBSERVACIÓNS AO PLAN**

1.- O Plan de Transparencia obxecto de informe constitúe unha formulación exhaustiva e detallada do programa de implantación do instrumento técnico, novo no noso ordenamento xurídico, que permitirá realizar os postulados da Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza, en particular, os relativos á consecución dunha Xustiza transparente, áxil e tecnoloxicamente avanzada. Representa, no seu conxunto, un desenvolvemento ambicioso e acertado dos principios contidos en dita Carta.

Na medida en que, dende o punto de vista da súa articulación técnica, os instrumentos principais para o logro destes obxectivos van ser a Estatística Xudicial e o perfeccionamento das Tecnoloxías da Información e Comunicacions,

buscando a plena compatibilidade e intercomunicabilidade de todas as Administracións implicadas, a execución do Plan reportará un indubidable progreso na prestación do servizo público da Xustiza e elevará sen dúbida o grao de satisfacción dos seus usuarios. Trátase, por tanto, dun Plan que merece pleno apoio por parte deste Consello e que xera interesantes expectativas de futuro.

2.- Dende o punto de vista normativo, o Plan adáptase adecuadamente ás previsións do artigo 461 LOPX, que, trala reforma operada pola LO 19/2003, de 23 de decembro, establece unha nova regulación da Estatística Xudicial como instrumento básico ao servizo das Administracións Públicas e do Consello Xeral do Poder Xudicial para a planificación, o desenvolvemento e a execución das políticas públicas relativas á Administración de Xustiza. Conforme á nova regulación legal debe lograrse a dispoñibilidade permanente dos datos, en condicións de igualdade, polas Cortes Xerais, o Goberno, as Comunidades Autónomas, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, que recibirán información actualizada, rigorosa e debidamente contrastada sobre a actividade e carga de traballo de todos os órganos, servizos e oficinas xudiciais de España, así como sobre as características estatísticas dos asuntos sometidos ao seu coñecemento.

O plano de igualdade en que se sitúa ao Consello respecto das Administracións Públicas competentes na materia non debe impedir, sen embargo, o recoñecemento da súa singular posición en canto órgano de goberno do Poder Xudicial, responsable directo da inspección dos xulgados e tribunais e do bo funcionamento da Administración de Xustiza en España, o que fai da Estatística Xudicial a súa ferramenta básica de traballo, como soporte material do desempeño da súa potestade inspectora.

Tampouco se debe perder de vista que conforme ao artigo 230.5 LOPX ao Consello compete a regulamentación dos requisitos e demais condicións que afecten ao establecemento e xestión dos ficheiros automatizados que se encontren baixo a responsabilidade dos órganos xudiciais, así como, respecto dos programas e aplicacións informáticos que se utilicen na Administración de Xustiza, a súa aprobación previa, garantindo a súa recíproca compatibilidade. O desenvolvemento regulamentario desta habilitación legal realizouse nos Títulos V e

VI do Regulamento 5/1995, de 7 de xuño, dos Aspectos Accesorios das Actuacións Xudiciais.

Estimamos por tanto que o peso específico do Consello como órgano constitucional de goberno do Poder Xudicial (art. 122.2 CE) queda algo difuso no contexto xeral do Plan, xa que aínda que o esquema de trato paritario dos diversos poderes, institucións e Administracións constitúe un imperativo legal, ao que con enteira corrección se vincula o Plan, dita premisa non debe ser entendida, sen embargo, como circunstancia obstativa para que o Consello conserve unha certa preeminencia funcional na elaboración das estatísticas xudiciais.

Esta preeminencia xustificárase, principalmente, en razón da vital importancia que a estatística xudicial reviste para o exercicio cotián das funcións de goberno do Poder Xudicial, xa que sen un coñecemento actualizado e permanente dos datos e informacións xerados polo facer xurisdicional, non é posible tomar decisións afectantes a aspectos tan variados como a determinación e valoración das necesidades de cadro de persoal dos órganos xudiciais, a súa actividade, carga de traballo, funcionamento, problemas estruturais, planificación de actividades, necesidades de reforma procesual, e un longo etcétera. Atendendo a este carácter crucial da información, o Consello debería ter unha intervención clave nas decisións que se vaian adoptar no futuro en materia de estatística xudicial, principalmente na determinación do tipo e natureza de datos que deben ser recollidos e tratados e nos criterios que se deben seguir na elaboración de ditas estatísticas.

En atención ao dito, a peculiaridade institucional do Consello debería ser respectada, en primeiro lugar, nas normas que regulamenten a organización e funcionamento da Comisión Nacional de Estatística Xudicial, dotando ao Consello dun papel reitor ou preponderante nos procesos de formación da vontade do citado órgano e na toma de decisións que afecten de forma directa ao tratamento de datos xudiciais. Sería moi conveniente, por tanto, que, sen prexuízo de procurar o necesario consenso co resto das Administracións que participan en dita Comisión, a opinión do Consello tivese eficacia conformadora do contido dos plans estatísticos xerais e especiais, e moi particularmente, dos criterios uniformes e de

obrigado cumprimento sobre obtención, tratamento informático, transmisión e explotación dos datos estatísticos do sistema xudicial español.

Cómpre considerar, igualmente, a ampla experiencia acumulada polo Consello na elaboración da Estatística Xudicial e a especial capacitación dos órganos técnicos encargados de dita materia, encadrados no Servizo de Organización e Modernización Xudicial. A este respecto, debe recordarse que o Consello, para o cumprimento dos seus fins, veu confeccionando a Estatística Xudicial dende o ano 1994, trala firma dun convenio de colaboración co Instituto Nacional de Estatística. A Estatística Xudicial do Consello está incluída no Programa Anual 2005 do Plan Estatístico Nacional 2005-2008, co código 4508, e baixo o título de Estatística da Actividade Xudicial.

Existe un banco de datos que constitúe a memoria histórica da actividade xudicial dende o ano 1994, que permite realizar análise e proxeccións temporais. Tamén dispón de ferramentas para a difusión especializada que permiten aos profesionais da análise de datos elaborar as súas propias explotacións a partir dos datos proporcionados polo Consello.

O Consello veu desenvolvendo diversas accións para modernizar os procedementos de recollida de datos que nutren a Estatística Xudicial, mellorar a súa calidade, reducir a carga de traballo dos órganos xudiciais na súa confección, acurtar os prazos de presentación dos resultados e ampliar o contido e ámbito de difusión de ditos resultados, en particular:

- O Regulamento nº 6/2003, de 9 de xullo, de Estatística Xudicial, que ordena a Estatística Xudicial conforme a un espírito de colaboración e transparencia Consonte ás mellores prácticas.
- A utilización, dende o primeiro trimestre de 2004, de boletíns electrónicos en formato Excel e Open Office, e a súa transmisión dende os órganos xudiciais ao Consello por medio do correo electrónico.
- A eliminación no 2005 da distribución dos boletíns estatísticos en papel, ao comunicarse aos órganos xudiciais a través da aplicación informática *Inter lus* e a súa remisión ao Consello polos mesmos medios.

- No ano 2005 iniciouse, igualmente, a recollida de boletíns estatísticos por medio de formularios web a través do *Punto Neutro Xudicial*.
- A difusión mediante CDs de resumos territoriais con carácter trimestral ao Parlamento, Ministerio de Xustiza, Administracións e Tribunais Superiores de Xustiza.
- A difusión ao resto da sociedade desta mesma información a través da páxina web do Poder Xudicial.
- A posta a disposición das Administracións e órganos xudiciais da consulta á base de datos da Estatística Xudicial como un servizo do *Punto Neutro Xudicial*.

Existen ademais na actualidade en fase avanzada de estudo, traballos preparatorios para a determinación de criterios homoxéneos de rexistro dos asuntos xudiciais, cuxa continuidade e implantación práctica contribuirían eficazmente ao logro do obxectivo de transparencia postulado no Plan.

Por outra banda, entendemos que unha vez aprobados pola Comisión Nacional de Estatística Xudicial os correspondentes plans estatísticos, xerais e especiais, e establecidos os criterios uniformes para a obtención, tratamento informático, transmisión e explotación dos datos estatísticos, o Consello debería seguir xogando un papel relevante no desenvolvemento e materialización dos citados acordos, mediante a actuación dos seus órganos técnicos.

En definitiva, a regulación a desenvolver a partir do Plan non debe descoñecer o papel que actualmente desempeña o Consello en materia de Estatística Xudicial, a capacidade e profesionalidade dos seus órganos técnicos, así como a experiencia acumulada na recollida de datos, o seu tratamento, explotación e difusión. A transparencia xudicial obterá unha realización máis eficaz e inmediata dando continuidade a este patrimonio consolidado de experiencias e coñecementos.

3.- No que se refire aos aspectos técnicos do novo sistema estatístico e de información, o Plan resulta, en ocasións, excesivamente minucioso, xa que descende á concreción de determinadas solucións materiais que se cadra sexa

prematureo formular neste momento e que correspondería adoptar no seo da Comisión Nacional de Estatística Xudicial.

Isto é particularmente visible no punto 1.4 do apartado IV, que trata do adecuado tratamento, transmisión e explotación dos datos estatísticos. Afírmase neste punto que a información estatística, unha vez elaborada, se constitúe no único referente de apoio á toma de decisións, e prevese a creación dun repositorio único de información, denominado Directorio Nacional de Asuntos –DNA- que se baseará na aplicación Libra/Minerva, replicando o modelo de datos da aplicación procesual do Ministerio de Xustiza, o que obrigaría ao mapeado dos modelos de datos das aplicacións procesuais do resto das Comunidades Autónomas.

Entendemos que o Plan de Transparencia Xudicial non é o marco apropiado para efectuar estas precisións técnicas, xa que anticipa certas decisións que, por unha banda, esixen un estudio preliminar detallado das características de cada unha das aplicacións procesuais actualmente en uso para atopar a forma máis adecuada de harmonizar os datos procedentes delas, de modo que se poida cargar sen problemas o Directorio común, e por outra banda, ao impoñer o modelo de datos actualmente existente no territorio del Ministerio de Xustiza, compromete o principio de consenso entre Administracións Públicas que o propio Plan proclama ao referirse ao funcionamento da Comisión Nacional de Estatística Xudicial, o que podería xerar friccións indesexables coas Comunidades Autónomas con competencias asumidas en medios materiais, que poderían estimar invadida a súa propia esfera competencial.

Igualmente discutible é o extensísimo elenco de datos comprendido no apartado quinto, que trata da información que debe ofrecerse en desenvolvemento do Plan, abarcando non só datos propios da actividade xudicial, senón ademais un vasto mosaico de información atinente á realidade social, económica, educativa, cultural, xeográfica, e mesmo relacionada con Administracións Públicas distintas, de moi variada catalogación, e cuxa utilidade para o logro do fin da transparencia xudicial resulta un chisco dubidosa. Neste aspecto debería diferenciarse entre os datos xudiciais, procedentes dos ficheiros a cargo dos órganos xudiciais, que nutrirían o Directorio Nacional de Asuntos, e outros datos de natureza diferente, que integrarían as bases de datos das Administracións e Institucións competentes,

partindo da idea de que a harmonización de datos obtidos polas distintas Administracións non impide que a xestión dos mesmos a siga levando quen está en mellores condicións para iso.

4.- Comentario favorable merece a referencia ao *Punto Neutro Xudicial* (PNX) contida no Plan, como servizo na actualidade prestado polo Consello Xeral do Poder Xudicial e instrumento decisivo de calquera propósito de transparencia xudicial. Consciente disto, estase procedendo a contratar liñas de maior capacidade, cuadruplicando o caudal actual con todos os socios ou prestadores de servizo, o que ademais redundará nunha maior flexibilidade no incremento sucesivo que o tráfico ou a demanda requira.

Con respecto á tolerancia a fallos da infraestrutura do PNX, estanse tomando diversas medidas que o potencian, como é a existencia de conexións paralelas que sigan ofrecendo servizo en caso de caída da conexión principal e a preparación dos equipos, que son capaces de asumir a función do outro, en caso de avaría dun deles.

**É todo canto ten a ben informar o Consello Xeral do Poder Xudicial.**

**E para que conste, e teña efectos, estendo a presente en Madrid, a vinte de xullo do ano dous mil cinco.**